

A Pobra do Caramiñal

Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN relativa o aumento da seguridade dos ciclistas e peóns o fomento do uso da bicicleta e a instalación de aparcabicis:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O incremento do uso da bicicleta como medio de transporte, como actividade deportiva ou como instrumento para a mellora da saúde, entre outras opcións, é cada vez maior. O incremento nas ultimas datas dos accidentes onde están implicados ciclistas, debe facer reflexionar as administracións en medidas encamiñadas a concienciar os distintos usuarios das vías públicas para a mellora da seguridade dos usuarios mais vulnerables, os ciclistas e peóns.

Por elo o grupo municipal do Partido Popular propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Que o Concello acometa una campaña do fomento do uso da bicicleta, a mellora da seguridade na circulación e transito dos peóns e bicicletas polas nosas rúas, mellorando a sinalización precisa e promovendo accións divulgativas para garantir o seu transito polas mesmas .



CONCELLO DA
POBRA DO CARAMIÑAL

www.ppdapobra.es

ppdapobra@ppdapobra.es

19 XUN 2017

Entrada nº: 2915

Saída nº:

Praza de Valle-Inclán nº 2-2º

A Pobra do Caramiñal

2

Habilitar aparcabicis no entorno das zoas de uso mais frecuente (concello, xardíns, instalacións deportivas, sanitarias, educativas, comerciais , praias, etc).

A Pobra 15 de Xuño de 2017


Manuel Mª Durán Guillán
Concelleiro do Grupo municipal del PP

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL